

## Juventud lerezana.

*Xosé Álvarez Castro.*

A revista CEDOFEITA xa publicou un par de artigos nos que se daba cumprida conta do proceso de recuperación para os veciños do local de Juventud Lerezana e tamén unha pequena aproximación á incautación do mesmo. Neste ano de 2008 no que se celebra o 75 aniversario da inauguración do local social, tentaremos completar a historia desta entidade tan significativa na nosa parroquia.



*Selo de Juventud Lerezana*

Juventud Lerezana foi fundada no ano 1929 pero será a partires da proclamación da IIª República o 14 de abril de 1931, cando as súas actividades acaden maior repercusión. Nestes momentos, nas parroquias da comarca pontevedresa créanse numerosas entidades co apelativo de "Xuventudes" e que se organizan nunha Federación de Xuventudes Culturales Recreativas de Pontevedra. Parroquias como Mourente, Campañó, Bora, Marcón, Poio Grande e Poio Pequeno, Salcedo e Lérez teñen as súas respectivas "Xuventudes" sendo precisamente no local de Juventud Lerezana, onde a finais de marzo de 1935, vai ter lugar o primeiro congreso ordinario desta federación.<sup>1</sup> No mesmo, os representantes das distintas entidades debateron sobre temas de interese para as mesmas. O congreso rematou cun baile de gala ofrecido en honor dos congresistas.

O lerezán Arturo Sánchez será elixido o 13 de xaneiro de 1934 para o cargo de Presidente da Federación e Manuel Arribas vocal da mesma. Pero a nosa entidade tamén participa en organismos a nivel estatal nomeando a asemblea xeral do 7-3-33

a Manuel Dios, Bernardo Rey e Manuel Cochón para asistir ao Comité Nacional Juvenil.<sup>2</sup>



*Escritura de compra de terreos para o edificio*

O 22 de xuño de 1936, Ramón de Valenzuela (con posterioridade coñecido escritor e político) e que desempeñaba o cargo de presidente da federación de xuventudes dende xuño daquel ano, publica un artigo no xornal pontevedrés El País co título de "Una obra en marcha" que é altamente significativo do sentir das "xuventudes" ademais de ofrecernos todo o programa de actividades realizadas e en proxecto. Comeza facendo súa a afirmación de Cajal de que o problema de España é un problema de cultura, problema de difícil solución pero non imposible. Nesa liña, os mozos e mozas dos arredores de Pontevedra reaccionan de seu e, sen subvencións do Estado, tentan superarse a través dunha serie de actividades xa realizadas e


que Valenzuela relaciona: inversión de máis de 1000 pta en libros, excursións, socorro a compañeiros en dificultades, representación de dúas obras de teatro, series de conferencias en diferentes localidades, etc.

Tamén especifica as actividades previstas: *En Mourente ya tienen ensayadas dos obras de teatro, "O Fidalgo" y "Los Caimanes", en Salcedo "Treizón" de Cotarelo, bailes, conferencias, excursiones...* A maior parte non poderán celebrarse debido ao golpe militar do 20 de xullo. Remata o artigo cunha animosa declaración: *Nos cuesta trabajo el hacer despertar a la aldea, no lo dudamos, no contamos con grandes fondos materiales para acometer lo que queremos; pero en cambio poseemos un almacén de cariño a nuestra Tierra y un espíritu de sacrificio, que nos permitirá llegar hasta donde sea necesario.* Había tamén actividades de intercambio entre as diferentes sociedades.

Acadou grande repercusión a conferencia dada nos locais de Juventud Lerezana polo catedrático de agricultura do instituto e alcalde de Pontevedra (naquelas datas cesado ao igual que a corporación democrática elixida no 31), Bibiano F. Osorio Tafall.<sup>3</sup>

Unha actividade que tivo moita aceptación foi a dos bailes, nos primeiros tempos celebrábanse no local alugado e logo no novo. Os xornais daban conta dos mesmos: *todos los domingos y días festivos viénense celebrando en el amplio salón de la Juventud Cultural de la Ferreira, en Lérez, animados bailes que son amenizados por la afamada orquesta de la Juventud Lerezana.*<sup>4</sup> Sen dúbidas, a orquestra á que se fai referencia debe ser a rondalla da entidade.

O 28 de abril de 1933, a asemblea xeral toma o acordo de que, na primeira oportunidade, se modifique o regulamento para que poidan ser socias as mulleres, con voz e voto e podendo desempeñar cargos na administración da sociedade.<sup>5</sup> Nese mesmo regu, artigo 16, afirmase: *Siendo una de las principales misiones de esta colectividad difundir la cultura, el local social permanecerá abierto todas las noches para que los socios puedan dedicarse a la lectura de libros, revistas, periódicos, etc.*




Licencia municipal de obra

Para levar a cabo todas estas actividades era preciso contar cun local, este foi de aluguer no piso alto dunha casa propiedade de Dorinda Mourente na Pedra Picada. No ano 1933 a dona do local non chega a un acordo co prezo do aluguer (40 pta ao mes) e a asemblea decide construír un local propio. A rescisión do aluguer non foi nada amistosa e Dorinda Mourente Rodríguez denuncia na Comisaría de Vixilancia a varios directivos de la directiva de Juventud Lerezana quienes le vienen haciendo objeto de un tenaz boicot por haberse negado aquella a rebajarles el precio del alquiler...<sup>6</sup> Juventud Lerezana xa pretendera desmarcarse do asunto e curándose en saúde, publicara en abril do mesmo ano unha carta asinada polo seu presidente José Casalderrey Pérez e o secretario M. Galiano, protestando contra la reprobable acción de algunos sujetos que para desprestigiarla, han pintado en algunos lugares de aquella parroquia rótulos propagando boicot. Engaden tamén que a súa sociedade, facendo honra aos seus fins culturais e recreativos, nunca pretenderá privar a ninguén dos seus lexítimos medios de vida.<sup>7</sup>

O día 7 de abril de 1933, a asemblea xeral acorda por unanimidade facer un novo local e da amplas facultades á comisión xestora para a compra

do solar e construción do edificio e tamén para que esta execute as obras e as administre da forma que coide conveniente. Como anécdota destacar que na acta pode lerse que por falta de orde o *compañeiro presidente* suspende a sesión. A raíz deste incidente, o presidente José Casalderrey Pérez dimite.

Organízase unha comisión para buscar socios accionistas do local e esta divídese en dúas subcomisións: Andrés Veiga, Benigno Iglesias, Arturo Sánchez e José Corbal que recorrerán A Ferreira, Casaldarado e O Castelo e a formada por Sebastián Dios, Agustín Freiría, Francisco Teso e José Pérez para O Arco, Outeiro, O Socorro e A Gándara. Levaban un talonario con resguardo para recoller as accións e deixar acuse de recibo, dando un prazo para a entrega do diñeiro.



Esbozo da planta do edificio

Mediante unha modificación do regulamento acordada o 12 de abril de 1933, especificase o sistema a seguir cos socios-accionistas. Había diversos tipos: accionistas anticipadores en metálico, accionistas en traballo e accionistas en material. O traballo e os materiais aportados eran tasados pola comisión e se lles entregaba un recibo polo seu

valor, especificando o interés acordado, do mesmo xeito que aos accionistas en metálico. A sociedade comprometíase a responder co solar e os seus bens polo importe das accións e os seus réditos; no caso de falecemento dos accionistas, as accións pasarían aos seus herdeiros.

Precisamente para garantir o reintegro dos importes anticipados, en asemblea xeral do 1 de xullo de 1933, acórdase que o edificio social non poderá ser alleado nin hipotecado nin ofrecido como garantía de ningunha especie en tanto non se reintegrasen os anticipos aportados.<sup>8</sup> O reintegro faríase cando o estado económico da sociedade o permitira e de acordo co seguinte sistema: reintegrar parcialmente os importes de primeira contía ata que cheguen ao nivel dos de 2ª e estes ata chegar ao nivel de 3ª e así sucesivamente. O socio anticipador de maior contía foi Sebastián Dios Blanco con 1412,50 pta seguido de José Cons Fernández e Arturo Sánchez con 830 e 750 pta respectivamente. Consegúronse 88 accionistas por un importe total de 12757,5 pta sendo o importe dos primeiros reintegros efectuados aos accionistas de maior contía, un total de 1192,5 pta.<sup>9</sup>

A comisión que se encargou de controlar todo o proceso tivo diversas modificacións sendo a composición definitiva a integrada por: Sebastián Dios Blanco, José Cons Fernández (O Carranco), Francisco Teso Solla, Manuel Arribas Hermida, Arturo Sánchez, José Pérez Piñeiro (O Chouza), Agustín Freiría Fernández, Andrés Veiga López, Benigno Iglesias Fontenla (O Reisiño), Alejandro Gama Casalderrey, José Corbal Orozco (O Mariano), Luis de los Reyes e Ramón Dios Blanco, aparecendo tamén nalgúns documentos, Manuel Dios. Todos eles teñen accións por un importe superior a 600 pta.

Efectúase a compra de varias parcelas no lugar de A Torre. A construción faise de ladrillo e, sobre a marcha, acórdanse diferentes modificacións do proxecto inicial, como a de arrimar o edificio á extrema do norte suprimindo as luces dese lado e cambiar a escaleira principal pasando de central a lateral.



### Conferencia del Sr. Tafall en la Juventud Cultural de Lerez

Esta mañna (sábado) se celebró en esta sociedade, la anunciada conferencia a cargo de don Bibiano P. Osorio Tafall catedrático de Agricultura en el Instituto Nacional de Pontevedra.

Presentó en breves palabras al conferenciante Arturo Sánchez, presidente de la Federación de Juventudes culturales y recreativas de la comarca, quien a la vez, trató los tres aspectos vitales y de actividad que estas sociedades llevan implícitos en su denominación.

Acto seguido hizo uso de la palabra el disertante que comenzó recordando las últimas palabras pronunciadas por su antecesor y tributó un cuapo a la juventud de donde —dice— saldrá su porvenir que nos depare más venturas. Glorificó a los historiadores y manifiesta que a la Edad Contemporánea, de que ellos hablan lo ha sucedido otra que dió comienzo a partir de la Guerra Europea nueva época que se caracterizará por la lucha cotidiana, en armas u no-

### Nobleza Baturra

riales; en la que necesariamente habrán de vencer los que más preparados se hallen. Y la muestra de capacitarlos es adquirir un bagaje de cultura, atomizando conocimientos.

Tiene esta lucha un denominador común; la crisis, cuyas razones están en la evidente contradicción que existe entre la producción de las riquezas y la manera de distribuirlos, así que los grandes capitalistas agravan con los despidos, que dan lugar a que ve forma legiones de parados forzosos. Sólo los pueblos que han logrado resolver estas profecías se encuentran en condiciones de tomar parte en la lucha. España no se halla al margen de este acontecimiento mundial. Ahora bien, es preciso distinguir la manera de hacerse sentir; la crisis con arreglo a las condiciones de la Economía de cada país: en Inglaterra serán principalmente industriales, en Argentina ganaderas y en España agrarias. Su efecto se nota con mayor intensidad en los países industriales y con menor en los agrícolas.

Para examinar el caso atentamente en relación con España, país que produce más de lo que sus habitantes consumen, por lo que se ve en la necesidad de exportar.

Ya dentro de España, precisa especial atención a las características de las regiones que la forman:

En Castilla, el hombre ha querido dominar a la Naturaleza y la equivocación trajo como con-

## PRINCIPAL

HOY

ESTRENO de la espectacular película de regia presentación

HABLADA EN ESPAÑOL

### La Reina y el Caudillo

Interpretada

por Anna Neagle y Fernand Gravy

Como complemento una interesante

Revista Paramount

En las 9 1/2, 7 1/2 y 10 1/2

MAÑANA

Claude Rains (El hombre invisible)

en

El misterio de Edwin Brood

EN ESPAÑOL

secuencia, el que varios productos, como el trigo, cosecha así que si lo hicieramos venir de países lejanos.

En Galicia la crisis agrícola es la que mayor importancia tiene dadas las características de esta región. Para demostrarlo basta con decir que un año con otros productos agrícolas cosechados han llegado al valor de la novena parte de lo que produce el cau-

### Nobleza Baturra

po español. La Coruña es la provincia que más valor agrícola encierra, y, de entre los productos que cosechamos, en nuestro agro ninguno tiene tanto como la patata, que arroja la cifra de doscientos cincuenta millones de pesetas (En cifras para que no se crea que ocupó algún coro). De total usage se consumen y otras se exportan, así que lo primero que interesa al labrador es mantener su cultivo y después favorecerlo combatiendo las plagas; procediendo a seleccionar las semillas para que no nos veamos en el doble riesgo de tener que importarlas, o importar con ellas enfermedades que se desconocen en nuestro agro.

Cita algunas de estas enfermedades entre las que destacan dos: la dorifera y la sarna vermicosa; la primera se halla cerca de España, y lejos de Galicia —dice— y la segunda más abajo de la raya del Miño en tierras lejanas, por lo que no sería de pre-

O levantamento militar de xullo do 36 remata con esta e con outras iniciativas dos veciños de Lerez. Iníciase o proceso de incautación de bens das sociedades cualificadas de "marxistas" e a esta entidade tamén a inclúen nas mesmas. Un informe do alcalde pontevedrés Ernesto Baltar Santaló, datado o 27-9-37 (II Año Triunfal) fai unha serie de consideracións sobre distintas sociedades de agricultores acusándoas de extremistas e xa máis especificamente sobre Juventud Lerezana, cualificaa de *juventudes marxistas* e acusa aos seus dirixentes de ser comunistas e socialistas. É certo que varios dirixentes simpaticizaban con organizacións de esquerdas e esa era a orientación xeral deste tipo de entidades culturais, pero tamén o é que outros compoñentes destacados da mesma estiveron fortemente comprometidos co bando franquista e como membros activos das súas organizacións.



Un dos documentos da incautación

A comisión de incautación de bens, logo de expediente instruído polo xuíz de 1ª instancia, acordado o 7-7-38, elevar o mesmo á comisión central de bens incautados polo Estado con sé en Burgos.<sup>13</sup> Na relación — confeccionada pola Xefatura Superior administrativa do Tribunal Nacional de responsabilidades Políticas— de expe-dientes de incautación e inscrición a favor do Estado nos correspondentes



*Local social de Juventud Lerezana*

registros de propiedade de bens inmobles pertencentes a entidades de acordo co decreto-lei 10-1-37 e disposición de incautación que se remiten á dirección xeral de propiedades, figura no nº 19 a entidade Juventud Lerezana.<sup>14</sup> Remata o expediente de incautación e por acordo da Comisión Central de Bens Incautados (14-12-38), baseándose no decreto-lei de 13-9-36, o local social pasa a depender das organizacións do "Movimiento Nacional". Xa rematada a guerra, inscríbese no rexistro da propiedade a **posesión** a favor da Delegación Nacional de Sindicatos de Falange Española Tradicionalista y de las JONS, o catro de outubro de 1945.

No ano 1963, a Dirección Xeral de Patrimonio do Estado do Ministerio de Facenda fai un informe sobre a situación dos "bens procedentes de entidades marxistas" figura J. Lerezana

co nº 29 da relación confeccionada pola delegación de Pontevedra e, nun oficio do 29-10-63, faise constar que a delegación provincial da organización sindical comunica que posúe o edificio estando destinado a escolas.<sup>15</sup> Dez anos despois (28-11-73), logo dunha oferta previa de venda por parte de sindicatos, é adquirido mediante escritura pública pola Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos por un importe de 69200 pta. Actúa por parte da Delegación de Sindicatos o delegado Gervasio Martínez-Vilaseñor e pola Hermandade Antonio Puig Gaité. Logo de diversas vicisitudes debidas a cambios e erros na denominación das Cámaras Agrarias e ao feito de que os sindicatos de FET y de las JONS só tiñan a posesión e non a propiedade, mediante unhas xestións xa relatadas na nosa revista<sup>16</sup> actualmente é propiedade da Comunidade de Montes.

1 El País, 28-3-35.

2 Actas de Juventud Lerezana.

3 El País, 26-11-35.

4 El País, 27-5-33.

5 Actas de Juventud Lerezana.

6 El País, 14-7-33.

7 El Progreso, 7-4-33.

8 Actas de Juventud Lerezana.

9 Documentación de Juventud Lerezana.

10 Documentación de Juventud Lerezana.

11 El Pueblo Gallego, 23-7-33.

12 Actas da directiva e xerais de Juventud Lerezana.

13 Diversa documentación no Arquivo Xeral da Administración de Alcalá de Henares.

14 Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

15 Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

16 Cedofeita nº7, outubro 2003. Iglesias, Xaime. A recuperación legal do local Juventud Lerezana: breve crónica dunha longa historia.